

VALIDACIÓN DE MÓDULOS EN CICLOS FORMATIVOS

Información xeral

Coa validación dáse por superada un parte ou partes de estudos oficiais que se están a realizar tendo en conta a formación achegada e superada polo interesado/a con anterioridade.

- ✓ A validación require a [matrícula previa](#) no módulo que se desexa validar.

Excepción: Nos [ciclos de réxime modular](#) é posible solicitar validación de módulos dos que non se formalizou matrícula, sempre que sexan [validacións que resolve a Dirección do Centro](#) (non para aquelas que resolve o MECD, que requiren matrícula no módulo).

- ✓ Os [módulos validados](#) manterán a [cualificación obtida no módulo profesional cursado anteriormente](#) para efectos de obtención da [nota media](#), salvo as [excepcións](#) recollidas na táboa

Cualificación aportada	Cualificacións no módulo validado
Módulos de idiomas achegando certificacións oficiais da Escola oficial	Validado, sen cualificación*
Estudios universitarios	Validado, sen cualificación*
Módulos de estudos anteriores á LOXSE	Validado, sen cualificación*
Acreditación de competencias ou certificados de profesionalidade	Validado, cualificación "5"
Módulos validados por resolución de estudos estranxeiros	Validado, cualificación "5"
FOL sen cualificación	Validado, cualificación "5"

* Non computa para o cálculo da nota media

- ✓ Cando a [validación require máis dun módulo profesional](#), a cualificación final será a [media aritmética das cualificacións obtidas](#) nos devanditos módulos

✓ A [experiencia profesional](#) e a [formación non formal](#) ("cursiños") non poderán ser achegadas para validar módulos, salvo que estean acreditados polo recoñecemento de [acreditación de competencias profesionais](#).

- ✓ Os [módulos](#) profesionais ou estudos universitarios que fosen [previamente validados](#) non poden utilizarse para solicitar outra validación.

✓ Os estudos equivalentes e os estranxeiros homologados con títulos españois non poderán ser aportados para validar.

- ✓ Os módulos profesionais acreditados por homologación dun título estranxeiro, poderán ser achegados para validar nas mesmas condicións e seguindo o mesmo procedemento.
- ✓ As validacións a partir de estudos universitarios só se poden realizar en ciclos superiores, non en ciclos medios.
- ✓ Nos **módulos idénticos** (mesmo código, denominación, capacidades e resultados de aprendizaxe, contidos e duración) non se validan, faise un **traslado da cualificación** obtida anteriormente, coa solicitude de matrícula.
- ✓ O módulo de **Proxecto** de Ciclos Superiores **non é validable** en ningún caso.
- ✓ O módulo de **FCT e o de formación en empresa ou** organismo equiparable de réxime xeral é **susceptible de exención total ou parcial** (non validación) de acordo co procedemento establecido a ese efecto (ver Guía do alumnado de FCT).
- ✓ Os **módulos que valida a Dirección do Centro**:
 - No réxime ordinario, considéranse como superados para a promoción de curso.
 - No réxime de persoas adultas, non se consideran a efectos de compatibilidade e carga horaria.
 - No caso de matrícula simultánea, non se considerarán para os efectos de compatibilidade.
- ✓ A validación de módulos non será efectiva ata que o alumno/a presente a resolución favorable na Secretaría do centro. **Mentres non se estea en posesión da resolución deberá asistir ás actividades docentes e será avaliado.**

Catálogo de validacións. Ciclos medios e superiores

Alumnado matriculado en ciclos formativos LOE <i>(Todos os ciclos medios e superiores ofertados no CIFP son LOE)</i>	
Validacións que resolve a Dirección do Centro	
Por ter módulos superados de títulos LOXSE	Validacións recollidas no anexo II do RD 1085/2020, do 9 de decembro .
Por ter módulos superados noutros ciclos LOE	Validacións recollidas no anexo III do RD 1085/2020, do 9 de decembro.
Por ter unidades de competencia acreditadas	Validacións recollidas no anexo V do currículo de cada ciclo.

do Catálogo nacional de cualificacións profesionais.	Consultar nesta páxina: http://www.edu.xunta.es/fp/familias-profesionais ou na web do centro (documentos de cada familia profesional)
<p style="text-align: center;">FOL (Formación e orientación laboral)</p> <p style="text-align: center;">ou</p> <p style="text-align: center;">IPE I (Itinerario profesional para a empregabilidade)</p>	<p>FOL superado nun ciclo LOE valida FOL ou IPE I en calquera outro ciclo LOE, con independencia do grao.</p> <p>FOL superado nun ciclo LOXSE valida FOL LOE/ IPE I sempre que se acredite formación en prevención de riscos. Deberá aportarse certificado de prevención de riscos laborais de nivel básico de acordo co establecido no RD 39/1997 (mínimo 30 horas) A data de finalización desta formación debe ser anterior á formalización na matrícula de FOL.</p> <p>Co título de técnico superior en prevención de Riscos Profesionais LOXSE.</p> <p>Por ter acreditadas todas as unidades de competencia incluídas no título, obtidas mediante o procedemento de recoñecemento das competencias profesionais, se acredite, polo menos, un ano de experiencia laboral e posúa formación de nivel básico en prevención de riscos laborais, de acordo co RD 39/1997.</p> <p>Validación de FOL /IPE I só no ciclo no que se ten unidades de competencia acreditadas.</p>
<p style="text-align: center;">EIE (Empresa e iniciativa emprendedora)</p> <p style="text-align: center;">ou</p> <p style="text-align: center;">IPE II (Itinerario profesional para a empregabilidade)</p>	<p>EIE superado nun ciclo LOE valida EIE/ IPE II en calquera outro ciclo LOE, con independencia do grao.</p> <p>Por superación de AXCPE (Administración, xestión e comercialización na pequena empresa) nun ciclo LOXSE.</p> <p>Superación de títulos completos de: CM Xestión administrativa (LOXSE ou LOE) CS Administración e Finanzas (LOXSE ou LOE)</p> <p>Por superación de módulos de administración, organización ou xestión de títulos específicos, recollidos no anexo II do RD 1085/2020, do 9 de decembro.</p> <p>Superación do MP Xestión dun pequeno comercio (Técnico en Actividades Comerciais)</p>

Validacións de Inglés	
Inglés de títulos LOXSE	Inglés títulos LOE
Grao Medio	
Lingua Estranxeira (duración de 65 horas, segundo reais decretos por los que se establecen los títulos de formación profesional y sus enseñanzas mínimas) cando a Lingua estranxeira sexa Inglés	0156. Inglés Profesional.
Lingua Estranxeira ou da C.A. Cando a lingua estranxeira cursada e superada sexa inglés	0156. Inglés Profesional.
Módulos Profesionales de Lingua Estranxeira (Inglés) de ciclos formativos de Grao Superior	0156. Inglés Profesional
Grao Superior	
Lingua Estranxeira (Inglés).	0179. Inglés Profesional
Lingua Estranxeira (duración de 90 horas, segundo reais decretos por los que se establecen los títulos de formación profesional y sus enseñanzas mínimas) cando a Lingua estranxeira sexa Inglés	0179. Inglés Profesional
Lingua Estranxeira en Comercio Internacional. Cando a lingua estranxeira cursada e superada sexa inglés.	0179. Inglés Profesional
Para todos os ciclos con Inglés	
Inglés títulos LOE	Inglés títulos LOE
0179 Inglés Profesional (GS)	0156. Inglés Profesional (GM)
Certificado do Ciclo Elemental, de Inglés, da Escola Oficial de Idiomas (RD 967/1988). Certificado de Nivel Intermedio (B1), de Inglés, da Escola Oficial de Idiomas (RD 1629/2006).	0156. Inglés Profesional (GM)
Certificado de Aptitude de Inglés da Escola Oficial de Idiomas. (RD 967/1988)	0156 Inglés Profesional (GM) 0179 Inglés Profesional (GS)
Certificado de Nivel Avanzado (B2), ou superior, de Inglés da Escola Oficial de Idiomas. (RD	0156 Inglés Profesional (GM) 0179 Inglés Profesional (GS)

1629/2006)	
Título de Grao, ou equivalente, en Filoloxía Inglesa ou en Tradución e Interpretación (Inglés)	0156 Inglés Profesional (GM) 0179 Inglés Profesional (GS)
Validacións que resolve o Ministerio de Educación e FP. Non son validacións seguras, o Ministerio estudará cada caso de xeito individualizado.	
Por ter estudos universitarios superados (Só para validacións en ciclos superiores) A excepción de Inglés, que resolve o centro	
Por títulos de FP da Lei do 70 (FPI e FPII)	

Validacións. Ciclos básicos

Validacións que resolve a Dirección xeral de FP	
Ámbito de comunicación e ámbito social do módulo 3 da ESA	Ámbito de Comunicación e ciencias sociais I
Ámbito científico-tecnolóxico do módulo 3 de ESA	Ciencias aplicadas I
Ámbito de comunicación e ámbito social do módulo 4 da ESA	Ámbito de Comunicación e ciencias sociais II
Ámbito científico-tecnolóxico do módulo 4 de ESA	Ciencias aplicadas II
Validacións que resolve o Centro	
Lingua castelá, lingua galega, Inglés e Xeografía e Historia de 4º ESO, superadas	Comunicación e ciencias sociais I e II
Matemáticas (A ou B) e dúas das seguintes materias superadas (Bioloxía e xeoloxía, Física e Química, Tecnoloxía e Dixitalización) de 4º de ESO	Ciencias aplicadas I e II
Ciencias aplicadas I e II	Ciencias aplicadas I e II noutro ciclo básico
Comunicación e sociedade I e II ou Comunicación e ciencias sociais I e II	Comunicación e ciencias sociais I e II noutro ciclo básico

Procedemento de validación

Requisitos	<p>Estar matriculado/a no módulo a validar.</p> <p>Excepción: nos <u>ciclos de réxime modular</u> é posible validar módulos dos que non se formalizou matrícula, sempre que sexan <u>validacións que resolve a Dirección do Centro</u> (non para aquelas que resolve o MECD, que requiren matrícula no módulo)</p> <p>Presentar solicitude no Centro.</p>	
Prazo	Para o Centro	Do 11 de setembro ao 07 de outubro de 2024
	Para o Ministerio	<p>Desde o día en que comeza o curso escolar (11 setembro) ata o día que finaliza (20 xuño), pero terán preferencia as presentadas ata o 31 de outubro. Só se pode presentar unha solicitude por curso.</p>
Documentación necesaria Presentar na Secretaría do Centro.	<p style="text-align: center;">Para o Centro</p> <p>-Solicitude de validación (anexo XIV da Orde do 12 de xullo de 2011)</p> <p>- Fotocopia do DNI</p> <p>- Certificación académica oficial dos estudos cursados ou de certificado de profesionalidade ou da acreditación parcial de competencias profesionais.</p> <p>- Certificado do curso PRL, se fose o caso.</p> <p>A data das certificacións aportadas (PRL, UC, Certificado profesionalidade,...) terán que ser anteriores á data de formalización da matrícula no módulo a validar.</p> <p style="text-align: center;">Para o Ministerio de Educación</p> <p>-Solicitude de validación (anexo V do Real decreto 1085/2020)</p> <p>- Fotocopia DNI</p> <p>- Certificado de matrícula nos módulos para os que solicita validación (faise na Secretaría do CII FP)</p> <p>- Certificación académica das materias ou módulos cursados e que se aportan para validar.</p> <p>- A maiores, cando se solicite validación desde estudos universitarios:</p>	

	<p>. Orixinal ou copia simple dos programas oficiais das materias cursadas, seladas polo centro universitario e redactados en castelán.</p> <p>. Certificación da universidade na que conste que os programas que se aportan son os realmente cursados e superados pola persoa solicitante.</p>
Prazo de resolución das validacións solicitadas	Validacións que resolve o Centro: Normalmente ao longo do mes de outubro.
	Validacións que resolve o Ministerio: ao longo do curso, trataranse con preferencia os expedientes presentados dende o inicio do prazo ata a finalización do mes de outubro de cada curso escolar. O/a solicitante deberá rexistrarse na sede electrónica do MEFP para poder descargar a resolución da súa solicitude.
	Se no prazo de 6 meses non se ten notificación da resolución entenderase como desestimada.
O alumnado pendente da validación dalgún módulo profesional deberá asistir ás clases e probas de avaliación ata a resolución favorable da validación.	
Reclamacións contra a resolución da validación	Recurso de alzada, no prazo máximo dun mes a partir da notificación.

Normativa de referencia

[Real decreto 1085/2020, do 9 de decembro](#) (BOE do 30 de decembro)

[Orde do 12 de xullo de 2011](#)

[Real Decreto 659/2023, de 18 de julio,](#)

[Resolución do 10 de xullo de 2024](#)

Máis información

- ✓ Páxina da Consellería de Educación

<http://www.edu.xunta.gal/fp/validacion-modulos-profesionais>

- ✓ Portal do Ministerio de Educación

<https://www.todofp.es/convalidaciones-equivalencias-homologaciones/convalidaciones.html>